

ACTA 22/18

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 15 DE NOVEMBRO DE 2018 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:00 horas do día 10 de outubro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D^a María Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria acctal.: D.^a Sandra M^a García Chenlo, que dou fe do acto.

Non asisten, previa escusa:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D^a. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xurxo Francos Liñares

De acordo co disposto no artigo 113 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro /1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, non existindo o quórum da maioría absoluta dos seus compoñentes para a constitución da Comisión de Goberno, a mesma celebrárase en segunda convocatoria, para o cal é suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros e en todo caso, un número non inferior a tres.

Tendo en conta que os concelleiros arriba indicados, comunicaron previa escusa a súa non asistencia, procédese á constitución da Xunta de Goberno Local sendo as 14:10 h coa comparecencia dos seguintes señores/as concelleiros/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D^a María Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

ORDE DO DÍA:

- 1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 03.09.18, 17.09.18 E 01.10.18**
- 2. LICENZAS URBANÍSTICAS**
- 3. DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DE DÚAS PARCELAS: D. JOSÉ MANUEL BLANCO DIÉGUEZ**
- 4. AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO**
- 5. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. ANTONIO GÓMEZ BOTANA**
- 6. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES EDUCATIVAS, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2018**
- 7. PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 8. ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 03.09.18, 17.09.18 E 01.10.18

Acta da sesión ordinaria do día 3 de setembro de 2018

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 3 de setembro de 2018.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 17 de setembro de 2018

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 17 de setembro de 2018.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 1 de outubro de 2018

O sr. alcalde preguntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 1 de outubro de 2018.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.1.- Escrito presentado por José Juan Eiras Sánchez, en data 24 de xaneiro de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 649, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 28 de setembro de 2018, o informe xurídico de Secretaría de data 11 de outubro de 2018, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **JOSÉ JUAN EIRAS SÁNCHEZ**, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-502-10/2018**), para unha vivenda unifamiliar, situada en Bustelo, nº 48, parroquia de Luou (R.C.: 15083A501004210000KT), segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 98/10, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de maio de 2010.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €.

2.2.- Escrito presentado por José Ramón Quiñoy Rodríguez, en data 19 de setembro de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 7.250, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 3 de outubro de 2018, o informe xurídico de Secretaría de data 11 de outubro de 2018, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **JOSÉ RAMÓN QUIÑOY RODRÍGUEZ**, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-514-11/2018**), para unha vivenda unifamiliar, situada en Solláns, nº 157, parroquia de Calo (R.C.: 15083B508003450000SG), segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 11/16, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de marzo de 2016.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 60,00 €.

2.3.- Escrito presentado por José Javier Tato Serico, en data 30 de xullo de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 5.678, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 9 de outubro de 2018, o informe xurídico de Secretaría de data 11 de outubro de 2018, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **JOSÉ JAVIER TATO SERICO**, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (**expte O-512-12/2018**), para unha vivenda unifamiliar, situada en A Igrexa, nº 62, parroquia de Calo (R.C.: 15083B508008000001DG), segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 2/09, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de xaneiro de 2009.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 120,00 €.

3.- DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DE DÚAS PARCELAS: JOSÉ MANUEL BLANCO DIÉGUEZ

Escrito presentado por José Manuel Blanco Diéguez, en data 17 de agosto de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 5.954 (2018/U0018/000003), no que solicita declaración de innecesariedade de licenza municipal para a segregación de dúas parcelas da finca nº 71, de concentración parcelaria de Lucí, R.C.: 15083B502000710000SB – 15083B502100710000SO.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 9 de outubro de 2018 e demais documentos obrante no expediente.

Visto o disposto nos artigos 150.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 368.6 e 7 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Declarar a innecesariedade de licenza municipal (**expte I-4/2018**) para a segregación de dúas parcelas da finca nº 71, de concentración parcelaria de Lucí.
R.C.: 15083B502000710000SB – 15083B502100710000SO.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

4.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A ISABEL LOUREIRO IGLESIAS (rex. entrada nº 7.212 do 18/09/2018)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 2 de outubro de 2018 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por D^a. Isabel Loureiro Iglesias, de 18 de setembro de 2018 (rex. entrada nº 7.212), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo obras de rampla de acceso a finca, polígono 127, parcela 29, “Estivada do Carbón”, Ramallosa – Lucí, R.C.: 15083A127000290000TH.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 01/10/2018) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a D^a. ISABEL LOUREIRO IGLESIAS, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-38/2018) para poder levar a cabo obras de rampla de acceso a finca, polígono 127, parcela 29, “Estivada do Carbón”, Ramallosa –Luci R.C.: 15083A127000290000TH, de acordo co solicitado con data de 18 de setembro de 2018 (rex. entrada nº 7.212).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- **Outorgar a ISABEL LOUREIRO IGLESIAS, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-38/2018) para poder levar a cabo obras de rampla de acceso a finca, polígono 127, parcela 29, “Estivada do Carbón”, Ramallosa –Luci R.C.: 15083A127000290000TH, de acordo co solicitado con data de 18 de setembro de 2018 (rex. entrada nº 7.212).**

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A MARCOS BEIROA OTERO (rex. entrada nº 6.664 do 07/09/2018)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 3 de outubro de 2018 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Marcos Beiroa Otero, de 7 de setembro de 2018 (rex. entrada nº 6.664), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para construción de beirarrúas de 20,00x1,80 mts de formigón armado de 15 cm. de espesor e tubos de 40 cm./30 cm. de PVC, para recollida de pluviais, en Fornelos, nº 49, Raris.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 02/10/2018) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a MARCOS BEIROA OTERO, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-39/2018), para construción de beirarrúas de 20,00x1,80 mts de formigón armado de 15 cm. de espesor e tubos de 40 cm./30 cm. de PVC, para recollida de pluviais, en Fornelos, nº 49, Raris, de acordo co solicitado con data de 7 de setembro de 2018 (rex. entrada nº 6.664).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a MARCOS BEIROA OTERO, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-39/2018), para construción de beirarrúas de 20,00x1,80 mts de formigón armado de 15 cm. de espesor e tubos de 40 cm./30 cm. de PVC, para recollida de pluviais, en Fornelos, nº 49, Raris, de acordo co solicitado con data de 7 de setembro de 2018 (rex. entrada nº 6.664).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

4.3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A BEGOÑA CASTELAO FERREIRO (rex. entrada nº 7.693 do 05/10/2018)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 8 de outubro de 2018 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Begoña Castelao Ferreiro, de 5 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 7.693), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para levar a cabo obras de acometida eléctrica de baixa tensión para servizo eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Texexe, nº 4, parroquia de Calo.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 04/10/2018) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a BEGOÑA CASTELAO FERREIRO, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-42/2018), para levar a cabo obras de acometida eléctrica de baixa tensión para servizo eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Texexe, nº 4, parroquia de Calo, de acordo co solicitado con data de 5 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 7.693).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- **Outorgar a BEGOÑA CASTELAO FERREIRO, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-42/2018), para levar a cabo obras de acometida eléctrica de baixa tensión para servizo eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Texexe, nº 4, parroquia de Calo, de acordo co solicitado con data de 5 de outubro de 2018 (rex. entrada nº 7.693).**

Segundo.- **Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.**

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. ANTONIO GÓMEZ BOTANA

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de outubro de 2018 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 05/12/2017 por D. Antonio Gómez Botana, de devolución da garantía constituída para obra de renovación de canalización de auga potable soterrada baixo estrada municipal.

Visto o informe do técnico municipal, de data 01/10/2018, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 02/10/2018, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por Antonio Gómez Botana para obra de renovación de canalización de auga potable soterrada baixo estrada municipal por importe de 770,00 €, devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por Antonio Gómez Botana para obra de renovación de canalización de auga potable soterrada baixo estrada municipal por importe de 770,00 €, devolvéndoselle a citada fianza ó interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES EDUCATIVAS, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2018

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 8 de outubro de 2018 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 04/06/2018 as bases da convocatoria de subvencions a entidades educativas, polas actividades realizadas en 2018, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 12/06/2018.

Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presenta a súa acta de data 13/09/2018, proponiéndose nesta última os importes a conceder.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 08/10/2018, e considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a proposta realizada pola Comisión de valoración na súa acta de data 13/09/2018, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

<i>CENTROS EDUCATIVOS</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>	<i>TOTAL SUBVENCIÓN (60,21€ cada punto)</i>
CEIP A RAMALLOSA	35	2.107,35€
CEIP OS TILOS	19,65	1.183,13€
IES CACHEIRAS	30,75	1.851,46€
CRA TEO	14,25	857,99€
TOTAL	99,65	5.999,93€

<i>ENTIDADES</i>	<i>TOTAL PUNTUACIÓN</i>	<i>TOTAL SUBVENCIÓN (87,28€ cada punto)</i>
ANPA A RABADELA (CALO)	19,5	1.701,96€
ANPA COBAS (CEIP OS TILOS)	17,45	1.523,04€
ANPA IES CACHEIRAS	17,5	1.527,40€
ANPA A CANTOÑEIRA	10,5	916,44€
ANPA RÍO TELLA	15,25	1.331,02€
TOTAL		6.999,86€

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizo económicos aos efectos oportunos.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta realizada pola Comisión de valoración na súa acta de data 13/09/2018, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

<i>CENTROS EDUCATIVOS</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>	<i>TOTAL SUBVENCIÓN (60,21€ cada punto)</i>
CEIPA RAMALLOSA	35	2.107,35€
CEIP OS TILOS	19,65	1.183,13€
IES CACHEIRAS	30,75	1.851,46€
CRA TEO	14,25	857,99€
TOTAL	99,65	5.999,93€

<i>ENTIDADES</i>	<i>TOTAL PUNTUACIÓN</i>	<i>TOTAL SUBVENCIÓN (87,28€ cada punto)</i>
ANPA A RABADELA (CALO)	19,5	1.701,96€
ANPA COBAS (CEIP OS TILOS)	17,45	1.523,04€
ANPA IES CACHEIRAS	17,5	1.527,40€
ANPA A CANTOÑEIRA	10,5	916,44€
ANPA RÍO TELLA	15,25	1.331,02€
TOTAL		6.999,86€

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizo económico aos efectos oportunos.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria acctal.dou fe.

O alcalde

A secretaria acctal.,

Rafael C. Sisto Edreira

Sandra M^a García Chenlo